

# CINENSINO

## PÉREZ 2

O día catro de Decembro os nenos e nenas do terceiro ciclo de primaria xunto coas súas titoras achegábanse ao IES Taboada Chivite para visionar a primeira das películas que este ano se proxectan dentro do programa de prevención de drogodependencias.

Varios colexios da comarca de Verín enchíamos o salón de actos do instituto e durante dúas horas compartiamos silencio, interese e expectación cara a película titulada "PEREZ 2".



A unidade didáctica que traballamos nas aulas, partindo da proxección dese día, foi a da Familia.

Na película móstranse unha familia con problemas semellantes os dunha familia coma a nosa que só chegan a resolverse totalmente cando a familia de Lucas, o neno protagonista, se une para axudar ao Rato Pérez, demostrando que a unión, especialmente do grupo familiar constitúe unha forza que lles permite aos seus membros sentirse seguros, protexidos, queridos e capaces de afrontar adversidades.

O noso alumnado mostrou moita curiosidade pola máquina de proxección da película e por sorte poideron darlle resposta a todas as súas preguntas gracias a dispoñibilidade e atención da persoa que a manexaba. Quedamos abraiados coa súa explicación e aproveitamos para dállel as grazas.

**¡MOITAS GRAZAS!**

